

LUDITARDE

CEIP RAMÓN DE LA SAGRA

BRIGANTIUM



BLOQUE II

- ABRIL 2019 -

ÍNDICE



NOTICIAS 4

Os Marcianitos 4

Os Coralines 9

Os Estelares 16

Os Limonautas 22

SAÍMOS DE EXCURSIÓN 22

SABÍAIŠ QUE? 28

Curiosidades
romanas 28

A Torre de
Hércules 29

DEPORTE 30

Tenis 30

Patinaxe 31

PASATEMPOS 32

Crucigrama 32

Relaciona 33

Laberinto 34



NOVO BLOQUE



Despois dun trimestre tan interesante como foi o anterior, no cal coñecemos a grandes mulleres galegas ¡comezamos novo bloque!

A sociedade romana sentou os alicerces sobre os cales se construíron as nosas sociedades, tanto a nivel organizativo como cultural.

A este démoslle como nome "Brigantium", e con el emprendemos unha fascinante viaxe pola historia dunha civilización que deixou unha grande pegada na historia do mundo e da nosa cidade, o antigo Imperio Romano.

Polo tanto, coñecer a evolución desta civilización e os avances que deixou ó seu paso, significa entender mellor a actualidade, xa que a historia non é pasado jé presente!

NOTICIAS

OS MARCIANITOS

Durante este bloque o grupo dos Marcianitos, igual que os nosos compañeir@s de Luditarde, estivemos a traballar sobre os romanos e o seu paso pola nosa cidade.

Para empezar, comezamos a descubrir como estaban distribuídas as cidades romanas e como eran as súas vivendas. Incluso fixemos unha maqueta conxunta dunha vivenda romana.



4



Comeza a aventura



Unha vez que coñecemos onde e como vivían quixemos descubrir como eran e como estaban organizados socialmente. Falamos dos patricios, plebeos e escravos e fixemos unhas marionetas de cada grupo para coñecelos máis detalladamente.



En canto o idioma, gracias ás novas tecnoloxías puidemos descubrir novas palabras e escoitar ese novo idioma para nos.

Cóntame algo!

O seguinte reto foi descubrir os números romanos e o seu idioma: o latín. Non foi moi doado, pero despois de uns cantos xogos cos nosos dados con números romanos, descubrimos que era moito máis sinxelo do que nos pareceu ó principio.



Dor tódolos deuses!

Continuamos descubrindo a mitoloxía romana, desta vez falamos de varios deuses e deusas e escoitamos diferentes historias sobre eles. Pero quixemos coñecer máis a Vulcano: o deus do lume e dos metais facendo unha careta coa súa imaxe.



Pequen@s roman@s

Un dos retos que máis nos gustou foi descubrir a vestimenta romana, coincidindo coa semana do entroido fixemos os nosos propios traxes romanos e disfrutamos dunha tarde romana c@s nos@s compañeir@s de Luditarde.

6



Grandes constructor@s



Outro reto a traballar foi sobre as infraestruturas romanas. Nesta semana descubrimos diferentes edificios da Antiga Roma de gran importancia como o Coliseo romano.

Ademais de iso, falamos da Torre de Hércules, da gran evolución que tivo desde que no S.I a construíron os romanos ata a actualidade.

7

Historias, mitos e lendas

A pesar de xa descubrir a mitoloxía romana, un dos últimos retos foi traballar as lendas e contos romanos.

Nesta semana puidemos ler e descubrir diferentes historias, pero sen dubida, a que máis nos gustou foi a de Rómulo e Remo, por ese motivo fixemos uns marca-páxinas deles.



ARTE marciana



A penúltima semana de trimestre foi dedicada o arte romano, para iso, realizamos o noso propio mosaico, unha forma artística que os romanos adoitaban facer como elementos decorativos.



8

¿De qué traballaban?

A última semana dedicámoslla a coñecer os diferentes oficios da época romana.

Destacamos a función dos mercaderes e comerciantes e para iso fixemos o noso propio ábaco, un instrumento de cálculo que os utilizaban para facer operacións básicas.



OS CORALINES



Neste bloque, os coralines adentrámonos un pouco máis no pasado da nosa cidade, coñecendo a influencia romana no que antigamente se chamaba Brigantium.



9

O obxectivo, alén de moitos outros, é o de decatarnos da importancia que ten a historia no presente e futuro, así como entender de onde veñen moitos trazos, mitos, lendas e costumes que temos agora, sen nomear o relacionado coas infraestruturas e todos os coñecementos que nos deixaron.

Mans a obra!

Comezamos por coñecer como eran e se distribuían as cidades romanas, incluso creamos a nosa propia: Coralarium.



10



Para continuar coa nosa investigación, fíxamonos na súa vestimenta, nos seus accesorios... ¡queríamos coñecelo todo!



Números e letras



O seu idioma e sistema de numeración foi moi importante neste acercamento a esta grande civilización.



Coñecemos a importancia do latín como base doutras moitas linguas e realizamos o noso nome con tipografía romana.

11

Ademais de converternos nuns expertos lendo e interpretando o sistema numérico romano mediante un dominó.



Honrando ós deuses e deusas romanas

Adentrámonos na mitoloxía romana e, tras coñecer ós seus deuses e deusas, quixémoslle facer honra a Xúpiter, deus de deuses e deusas. Para iso, elaboramos unha pulseira co seu elemento, un raio.



Centurións roman@s

Aproveitamos a semana do entroido para afondar sobre a vestimenta romana. O noso grupo elaborou os seus propios traxes de centurións e convetémonos en grandes estrategas da loita.



12



Veni



Vidi



Vici



Pan e circo



Continuamos coñecendo como se entretíña a poboación na antiga Roma e en qué invertían o seu tempo libre. Descubrimos que eran apasionad@s do teatro, das carreiras de cuadrigas e dos xogos de lóxica. Os coralines elaboramos os nosos propios corredores de carreiras de cuadrigas que, por suposto, son os máis rápidos de todos.



13

O seguinte paso era saber máis sobre as impresionantes infraestructuras romanas, unha enxeñería de alto nivel. Descubrimos as diferentes edificacións romanas pero, sobre todo, afondamos nunha maravilla arquitectónica que é o emblema da nosa cidade, a Torre de Hércules. Cada un de nós elaborou a súa propia torre.



A luz da torre



Continuamos indagando sobre as lendas romanas relacionadas coa nosa cidade, donde Hércules foi o grande protagonista. A súa dura loita contra o xigante Xerión, a construción da torre e a fundación da cidade xiran entornó a este semideus, fillo de Xúpiter.

Tras coñecer estas fermosas lendas elaboramos un farolillo coa silueta de Hércules e da torre que leva o seu nome.



ExpresARTE

Para rematar vimos o arte romano e os oficios. En arte, convertémonos en escultores e escultoras elaborando as nosas propias estatuas estilo pop up.



15

Por último, convertémonos en mercaderes e comerciantes nun xogo de rol, no cal, mediante equipos, tiñamos que negociar c@snos@s compañeir@s o intercambio de materias primas para conseguir uns obxetivos e construír unha cidade.



OS ESTELARES



Auténtic@s investigador@s

Como o resto de grupos de Luditarde, comezamos coñecendo o modo de vida na Antiga Roma a través das súas cidades e vivendas. Desta forma entendimos e investigamos (de primeira man)



como eran todas esas ruínas que vemos hoxe en día, e que están presentes tamén no noso territorio.

16



Primeiros descubrimentos



Coñecemos como era a sociedade romana, a súa división de clases sociais e os rasgos máis característicos da vida en comunidade.



17

Outro rasgo cultural importante que transcendeu desde a Antigüidade ata os nosos días é o seu alfabeto e sistema numérico, por iso aprendemos os números romanos. Tamén elaboramos os nosos propios pergaminos para escribir.



Oh, meu deus!



- A semana dedicada a mitoloxía traballamos moi duro, e coñecemos os principais deuses e deusas dos antigos romanos. Ademais fixemos un vestiario mitolóxico entre tod@s!

OMG

Elaboramos este mural xigante con Xúpiter e Venus a tamaño natural (o noso), aos que representamos cos seus atributos máis significativos.



Patricios por un día



Co motivo do entroido, decidimos preparar uns traxes de patricios romanos: unha toga, xoias artesanais e coroas de laurel ¡Listos para reunirnos nunha gran festa cos demais grupos!



19



Tamén quixemos investigar sobre cómo se entretiña a sociedade romana. Qué había antes da TV ou da Play? Pois acudían ó teatro ou as carreiras de cuádrigas, xogaban a unha especie de tres en raia, e practicaban moito deporte. Nos fixemos a nosa propia máscara inspirada na do teatro clásico romano.

Roma mítica. As historias da xente

Dedicámonos a coñecer algunhas lendas romanas, como a de Rómulo e Remo ou a da Isla Tiberina.



En relación a esta última lenda, fixemos a nosa propia representación da copa e da serpe que chega ata os nosos días como símbolo da curación e das farmacias.

20



Artistas en acción!

Realizamos o noso propio mosaico, que era unha das formas artísticas máis belas e elaboradas dos antigos romanos.



Os oficios do Imperio



E por último, coñecemos os oficios dos romanos e das romanas. Para afondar máis na temática elaboramos o noso propio tear e convertémonos en escultor@s por uns días.



Nestas semanas aprendemos moitísimo e dunha forma participativa e vivencial, aprendizaxe que é imposible adquirir únicamente dos libros. Emulamos e experimentamos parte da vida romana por nos mesmos. Coñecer esta parte da antigüedad é importante, xa que na nosa cultura perduran moitos aspectos (moitos máis do que cremos) da sociedade romana, sentando as bases da nosa civilización.

OS LIMONAUTAS



A cidade romana

No pasado, @s roman@s elaboraban as cidades baixo unha organización lóxica que aínda a día de hoxe gardamos e da cal empregamos certos aspectos.

O grupo de L@s Limonautas quixemos crear a nosa propia, atendendo ás pautas necesarias para que estivese ben organizada. Ademais disto, puxémoslle nomes bastante orixinais. Todas elas son diferentes, pero todas gardan unha orde como as antigas cidades romanas.


22




Duplum Molendinum



Na actualidade as damas ou o xadrez son algúns dos xogos lóxicos máis coñecidos pero xa no pasado @s nen@s roman@s pasaban o tempo xogando a un fabuloso xogo: O Duplum Molendinum.



23



É un xogo que tivemos que adaptar pero que é moi similar ó actual tres en raia. Se algún día vos interesa probalo, non dubidedes en retar o grupo de L@s Limonautas.

Gardas pretorianos



Aproveitando o entroido, o grupo d@
maiores decidimos crear o noso
particular séquito de gardas pretorian@s. O
traxe deu un traballo terrible pero pouco a
pouco conseguimos que fose collendo forma.

A lanza, a capa, a armadura, o escudo e o
casco dábannos a identidade necesaria como
para estar listos e poder defender así ó César.
O propio venres de entroido puidemos saír co
traxe posto e desfrutar dunha xornada na que
cada grupo mostrou a súa indumentaria
romana. ¿Gústavos?



¿Arquitectura moderna?




É frecuente visitar unha cidade e ter a posibilidade de atopar algún edificio romano. Iso é realmente curioso tendo en conta a cantidade de tempo que pasou dende a súa creación.



25

O grupo de L@s Limonautas tivemos ocasión de coñecer a arquitectura romana, a importancia dos arcos e sobre todo a colocación dos elementos para obter desta forma unha estrutura sólida e resistente que permita aguantar co paso do tempo.

Coas nosas creacións experimentamos e puxémolas a proba acadando así un resultado asombroso. Ollo! O traballo cos pequenos paus foi durísimo.



Arte romana



Unha das expresións artísticas máis coñecidas da época romana son os mosaicos.

Estas obras poden chegar a ser sobre diferentes temas e ter diferentes tamaños.



Aquí na cidade de A Coruña podemos atopar varios, sendo uns auténticos descoñecidos para a maior parte dos cidadáns os que están nunha das salas do Palacio Municipal.

26

A partir de agora a cidade contará con algúns mosaicos máis posto que o grupo de L@s Limonautas crearon os seus propios e, seguramente nun futuro, sexan as referencias artísticas do Ramón de la Sagra.



SAIMOS DE EXCURSIÓN

Os grupos dos Marcianitos e dos Coralines fixemos unha visita ao Castelo de San Antón, no cal visitamos os restos romanos da nosa cidade e, mediante un xogo de pistas lúdico e divertido, fomos aprendendo e vendo moitas cousas interesantes sobre a historia de A Coruña!



27



@s Limonautas achegámonos tamén á Torre de Hércules. Alí levamos a cabo un xogo de pistas. Igual que os nosos compañeir@s o Ara Solis, a Rosa dos Ventos ou mesmo a

figura de Breogán foron algunhas das partes deste museo ó aire libre que poidemos coñecer.

Os Estelares visitamos a Torre de Hércules, alí repasamos e coñecemos máis sobre a lenda de Hércules e Xerion e a súa relación coa Torre. Ademais descubrimos os significados da simboloxía da "Rosa de los Vientos", e acercámonos a porta de Ara Solis para representar un ritual celta.



SABÍAS QUE?

O PRIMEIRO EXÉRCITO
PROFESIONAL FOI
CREADO POLOS
ROMANOS. ESTO
AXUDOU A QUE A
PEGADA ROMANA SE
EXPANDISE POR MOITOS
TERRITORIOS OS CALES
DEBEN MOITAS COUSAS
A ESTE POBO PASADO



28




OS DEUSES ROMANOS
TEÑEN O SEU
CORRESPONDENTE NA
CULTURA GREGA. PARA
GREGOS E ROMANOS O MESMO
DEUS É COÑECIDO POR UN
NOME DIFERENTE

SABÍAS QUE?



A Torre de Hércules é o único faro do mundo de orixe romana que está en activo.



Coñécese o nome do seu arquitecto, algo insólito na historia dos monumentos antigos: Gaio Sevio Lupo

29



A orixe da torre está enmarcada dentro da lenda de Hércules e Xerión. Esta conta como nunha dura pelea de tres días e tres noites, o semideus vence ó xigante cortándolle a cabeza, a cal manda enterrar preto do mar e construír unha torre sobre ela cunha antorcha na parte máis alta.



DEPORTES

Igual que sempre, o deporte en Luditarde cobra gran importancia. Durante este trimestre continuamos traballando as nosas habilidades deportivas e predeportivas.



30

Ademais estivemos descubrindo o mundo do mini-tenis. Nesta ocasión o noso obxectivo era desenvolver adecuadamente as habilidades e destrezas propias deste deporte.



Por outro lado, seguimos coas nosas sesións semanais de patinaxe. A verdade é que os avances son bastante notables, pero continuamos a traballar as diferentes destrezas para convertirmos en auténticos profesionais!




Ademais do deportes, o xogo é un elemento fundamental de Luditarde. A través de estes traballamos de forma transversal valores como o compañerismo, o respecto, o traballo en equipo, a cooperación, entre outros.

PASATEMPOS

Crucigrama


Nesta ocasión, Os Estelares traémosvos un crucigrama temático da Antiga Roma, con ideas e conceptos que aprendemos nos durante o trimestre. A ver se sodes capaces de resolvelo!



1. Recinto no que se facían loitas entre gladiadores.
2. Exército do imperio Romano
3. Xigante relacionado coa Torre de Hércules.
4. Forma artística para representar unha imaxe con pequenas teselas..
5. Lugar de representación de obras e espectáculos.

32

6. Membro da clase pudiente na civilización romana, con múltiples propiedades e dereitos.
7. Utilizada polos antigos actores de Roma para a representación teatral.



8. Persoa, normalmente prisioneiro de guerra, condenada a traballar e obedecer as ordes do seu amo.
9. Construción na que vivían os antigos romanos.
10. Edificio de culto relixioso na Antiga Roma, en honor a un Deus ou Diosa.
11. Espazo no que se realizaban as carreiras de cuádrigas.

PASATEMPOS

Relaciona

O grupo dos Coralines queremos propoñervos o seguinte reto: Seredes capaces de relacionar estas frases en latín co seu significado?

33

Veni, vidi, vici

“La suerte está echada”

Auribus tenere
lupum

“Conquista dos veces
quien a la hora de la
conquista, se conquista a
sí mismo”

Veritas filia
temporis

“Tomo al lobo por las
orejas”

Alea iacta est

“Vine, vi y vencí”


Bis vincit qui se
vincit in victoria

“La verdad es hija del
tiempo”

PASATEMPOS

Laberinto

Os marcianitos invítanvos a que axudedes o Romano a encontrar a súa espada.



PROGRAMA LUDITARDE



Concello de
A Coruña



Federación provincial
de ANPAs



CEIP Ramón de
la Sagra
ANPA RASA

